



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28 DE SETEMBRO DE 2020

LICENZAS FAVORABLES

2.LIC/1422/2018.- Acórdase conceder a modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela de data 22 de xullo de 2019 para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Folgoso, 26 A.

3. LIC/1452/2019.- Acórdase conceder a modificación da licenza outorgada na Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela na sesión de data 27 de xaneiro de 2020 para a instalación de dous ascensores en edificio de vivendas situados na rúa Sánchez Freire, 38-44.

4. LIC/398/2020.- Acórdase aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e galpón en lugar de O Queiroal.

5. LIC/646/2020.- Acórdase conceder licenza de obras para a construción dunha piscina na rúa Fonte de Mallou.

6. LIC/2122/2019.- Acórdase conceder licenza de obras para a restauración da Torre da Vela da Catedral situada na Praza do Obradoiro.

7. LIC/1925/2019.- Acórdase aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na parcela situada na rúa Monte de Conxo, 52.

8. LIC/497/2020.- Acórdase conceder licenza para obras de reforma de vivenda situada na rúa do Hórreo nº 94 – 8º C.

RESTO DE ACORDOS

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de Santiago Sur, S.L. da adquisición directa dunha porción de 35,80 m2 do ESPL no Quinteiro 16 SUNP-22 CASTRO DE ABAIXO, viario desafectado polo planeamento. Acórdase adquirir dita porción de parcela polo prezo de 6.336,60 euros.

10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación da desistencia de subvencións correspondentes á convocatoria de 19.10.18, da Fase I da área de rehabilitación integral do Barrio de Vite. Acórdase non conceder a axuda pública solicitada por desistencia dos interesados.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa ao pago ao Ministerio de Cultura e Deporte da devolución voluntaria da axuda concedida para o proxecto de intervención no buque da escaleira helicoidal do conxunto de Bonaval, no mosteiro de San Domingos de Bonaval. Acórdase o pago ao Ministerio de Cultura e Deporte-Subdirección Xeral de Xestión Económica e Asuntos Xerais – dos intereses de demora relativos á devolución voluntaria de axuda concedida no ano 2015 para o proxecto “Intervención no buque da escaleira helicoidal do conxunto de Bonaval. Mosteiro de San Domingos de Bonaval”, que acenden a **3.330,12 euros**, de acordo co cálculo remitido con data 18 de setembro de 2020 ao Concello de Santiago pola Delegación de Economía e Facenda da Coruña.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras, relativa á adxudicación da execución das obras recollidas no proxecto "renovación do céspede sintético e peche perimetral do campo de fútbol de As Cancelas". Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor de PRACE SERVICIOS Y OBRAS SA, por un importe de **421.958,77 euros** (348.726,26 euros máis 21% de IVE que ascende a 73.232,51 euros), ao ser a máis vantaxosa das ofertas presentadas.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación do contrato das "Obras de reparación e consolidación da Ponte de Vidán. POS + 2019". CON/26/2019. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa CONSTRUCCIONES D.OGANDO SL, por un importe de **376.649,68 euros** (311.280,73 euros máis 21% de IVE que ascende a 65.368,95 euros), ao ser a máis vantaxosa das ofertas presentadas.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación do contrato de "Execución das obras recollidas no proxecto "Parque infantil en Coto dos Olmos" (POS + 2019 / Adicional 1 / 1ª fase)". CON/25/2020. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa EULOGIO VIÑA OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, por un importe de **52.800,62 euros** (43.636,88 euros máis 21% de IVE que ascende a 9.163,74 euros), ao ser a máis vantaxosa das ofertas presentadas.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación do contrato das "Obras de acondicionamento do entorno do Centro Sociocultural de A Gracia, mellora de accesibilidade no propio centro e creación dunha área de xogos e circuito biosaludable nas inmediacións deste. POS + 2018". CON/18/2019. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ALCOMPTE GALICIA SL por un importe de **240.693,68 euros** (198.920,4 euros máis 21% de IVE que ascende a 41.773,28 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación do contrato de "Execución das obras de "Dúas pistas polideportivas multiusos no lugar de Carregal e parque biosaudábel no entorno da igrexa do Piñeiro no Eixo" (POS+ 2017)". CON/22/2020. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL por un importe de **125.920,01 euros** (104.066,12 euros máis 21% de IVE que ascende a 21.853,89 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

17.- Proposta da concelleira delegada de Persoal, Economía e Facenda, relativa á autorización da percepción dun complemento persoal nos termos recollidos no expediente do orzamento xeral municipal para o exercicio 2020. Apróbase a proposta.

18.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á resolución definitiva da convocatoria para a concesión de axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de mobilidade, ou que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo do concello de Santiago de Compostela 2020. Apróbase a proposta de resolución definitiva da convocatoria. Tres solicitudes foron denegadas por non cumpriren algún dos requisitos da convocatoria. **Ás 43 solicitudes admitidas** percibirán axudas por un total de 14.450 euros (39 solicitudes percibirán 350 euros cada unha elas; dúas 250 euros e outras dúas 150 euros).

19.- Proposta da alcaldía relativa á aceptación dunha subvención complementaria da Xunta de Galicia, para facer fronte ao incremento dos gastos producido polo aumento do SMI, e a ampliación do tempo necesario para rematar o proxecto de obradoiro de emprego CREAS II. Apróbase:

- A aceptación da 1ª Resolución de subvención complementaria da Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria da Coruña, para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego "CREAS II", segundo Resolución de 9 de xuño de 2020, por un importe de **8.905,56 euros** (polo incremento dos gastos salariais dos participantes, motivada polo aumento do SMI para o exercicio 2020)
- A aceptación da 2ª Resolución de subvención complementaria da Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria da Coruña, para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego "CREAS II", segundo Resolución de 10 de setembro de 2020, por un importe de **137.903,28 euros** (para facer fronte ao incremento do gasto producido pola ampliación do tempo necesario para rematar o proxecto)
- Axustar o proxecto do "Obradoiro de Emprego CREAS II", con proxecto de gasto no 2019-3-CREAS-19, no importe de partidas que financia a Consellería, cun incremento sobre o previsto de **146.808,84 euros**.

20.- Dar conta polo alcalde da prórroga da 2ª fase do proxecto europeo "Tropa Verde", cofinanciado polo programa europeo URBACT III (2014-2020). Dase conta que, debido á situación excepcional orixinada pola COVID-19 que ocasionou a paralización do proxecto durante varios meses, o secretario do programa URBACT III decidiu conceder unha prórroga de 6 meses ao proxecto Tropa Verde, co fin de poder levar a cabo todas as actividades previstas no mesmo. Polo tanto, **a nova data de fin de proxecto é o vindeiro 04/06/2021**; e non o 04/12/2020 como estaba previsto.

21.- Dar conta da comunicación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia relativa ás concesións da transporte público regular de viaxeiros. Dase conta da citada comunicación, na que se informa que a partir do 19 de setembro de 2020 teñen decaído as seguintes concesións autonómicas e, polo tanto, que a partir desa data correspóndelle ao Concello de Santiago asumir a prestación, se así o estima conveniente e nas condicións que considere oportunas, dos tráxicos internos ao seu termo municipal que, na actualidade, segundo a comunicación, estaban a ser atendidos por elas:

- V-1110. Santiago de Compostela – Hortas, que ven sendo operada por Autocares Rías Baixas SL.
- V-1598. Santiago de Compostela – Oza dos Ríos, que ven sendo operada por Autos Garabanxa SL.
- V-3216. Lalín – Pontevedra, que ven sendo operada por Donado Campos SL (La Estradense)
- V-7027. Santiago de Compostela – Carballo, que ven sendo operada por Arriva Galicia SLU.
- V-7076. Santiago de Compostela – Camariñas, que ven sendo operada por Arriva Galicia SLU.

Polo contrario, continúa a comunicación, tendo en conta o estado de tramitación no que se atopan actualmente os expedientes de contratación correspondentes, é previsible que outras concesións non decaian ata finais de 2020 ou principios de 2021. As concesións que se atopan nesa situación son as seguintes:

- V-0065. Lugo- Santiago de Compostela, que ven sendo operada por Empresa Freire SL.
- V-0152. Santiago de Compostela – Balcaide – Firmistáns, que ven sendo atendida por Hermanos Ferrín SL.
- V-7026. Muxía – Santiago de Compostela e Aguiño –Noia, que ven sendo operada por Hermanos Ferrín SL.
- V7062. Rois (Antequera) – Santiago de Compostela, que ven sendo operada por Autocares Bustelo SL
- V-7068. A Coruña – Ferrol – Ortigueira – Viveiro –Vilalba –Lugo, que ven sendo operada por Arriva Galicia SLU.

22.- Dar conta de sentenzas. Dase conta da seguinte sentenza:

- **478/2018.** A sentenza desestima a demanda interposta por un particular contra o concello de Santiago. A pesares de que considera acreditado que a demandante ven realizando certas tarefas propias de persoal administrativo, que excederían o seu grupo e nivel; conclúe, tomando como referencia as funcións que as fichas posto atribúen ao persoal auxiliar e ao persoal administrativo, que para que proceda á reclasificación é necesaria unha identidade de funcións co grupo pretendido, o que non considera acreditado.

23.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dase conta.